

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA  
29 DE DECEMBRO DE 2014.**

<p><b><u>Sres. Asistentes:</u></b></p> <p><b><u>Sr. Alcalde:</u></b> D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.</p> <p><b><u>Sres. Concelleiros:</u></b> D<sup>a</sup> MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. ALMA BEATRIZ BARRON FERRO. D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO D<sup>a</sup> OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D. JUAN MANUEL SIXTO GALIANO D<sup>a</sup> JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D<sup>a</sup> MERCEDES GRANDE REGUEIRO. D<sup>a</sup> MARTA SEIJAS DIAZ. D. EMILIO MESIAS FARIAS. D. ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ.</p> <p><b><u>SR. SECRETARIO:</u></b> D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e doce minutos do día vintenove de decembro de dous mil catorce, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p> <p>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
--	--


**Punto núm. 1.- RATIFICACIÓN CAMBIO DATA SESIÓN ORDINARIA.-**

Sometida a votación a ratificación do cambio de data da Sesión Ordinaria, o Concello Pleno por 11 votos a favor ( 6 PSdeG-PSOE, 4 PP e 1 NAL), e 2 abstención do Grupo municipal do BNG acorda ratificar o cambio de data da sesión Ordinaria para o día de hoxe.

**Punto núm. 2.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 27-11-2014.-**

Interven o Sr. Mesias Farías, manifestando que non se lle fixo chegar o CD do audio polo que van a votar en contra.

Sometida a votación a aprobación do acta, o Concello Pleno por 11 votos a favor ( 6 PSdeG-PSOE, 4 PP e 1 NAL), e 2 abstención do Grupo municipal do BNG



acorda prestar a súa aprobación a acta da Sesión Ordinaria celebrada o día 27 de novembro de 2014.

**Punto núm. 3.- DAR CONTA DA SENTENZA DO T.S.X.G DE 10-12-14 "CONFLICTOS COLECTIVOS".**

Dase conta da Sentenza do T.S.X.G. de 10-12-2014, "Conflictos Colectivos" na que se dicta o seguinte FALLO:

"Que desestimando o recurso de suplicación interposto pola letrada Dña. María Dolores Castro González, actuando en nome e representación do CONCELLO DE ARES contra a sentenza de data nove de de xaneiro de dous mil catorce, posteriormente aclarada por auto de data 22 de xaneiro de dous mil catorce, dictada polo Xulgado do Social núm. 2 de Ferrol en autos de conflito colectivo, seguidos a instancia da UNION XERAL DE TRABALLADORES DE GALICIA, CSI-CSIF, CONFEDERACIÓN INTERESINDICAL GALEGA, SINDICATO NACIONAL DE COMISSIONS OBREIRAS DE GALICIA contra a parte recorrente e o Comité de Empresa da precitada entidade, debemos confirmar e confirmamos as precitadas resolución xudiciais na súa integridade".

O Concello Pleno dase por enterado.

**Punto núm. 4.- DAR CONTA DA SENTENZA DO T.S.X.G DE 11-12-14 "REINTEGRO A TESORO PÚBLICO".**


Dase conta da Sentenza do T.S.X.G. de 11-12-2014, "Reintegro a Tesoro Publico", na que se dicta o seguinte FALLO:

"Desestimamos el recurso contencioso-administrativo interpuesto por el Ayuntamiento de Ares en relación coa resolución do Ministerio de Facenda e Administracións Publicas de 3 de agosto de 2012, con imposición das costas o demandante ata o máximo de 1000 euros."

O Concello Pleno dase por enterado.

**Punto núm. 5.- REFINANCIACIÓN PRESTAMO FF.PP.**

Visto que con data 16 de xulo de 2014 foi emitido informe pola Secretaria Intervención relativo á promulgación do Real Decreto-Lei 8/2014 de 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, quedando articulada a posibilidade de que as Entidades Locais poidan refinar as operacións que teñan en vigor co Fondo para a Financiación dos Pagos a Proveedores.



Visto que con data 24 de xullo de 2014, iniciouse procedemento para a refinanciación para a cancelación de operación de préstamo formalizadas polas entidades locais co Fondo para a Financiación do Pago a Proveedores mediante invitación de presentación de propostas as entides BANKIA, BBVA, ABANCA, e BANCO PASTOR-GRUPO BANCO POPULAR.

Visto que presentaron ofertas as entidades BBVA, BANCO PASTOR E ABANCA declinando BANKIA e que constan no expediente.

Visto que con data 19-12-2014, emitíuse por Secretaría-Intervención informe, para valorar a viabilidade da concertación de dita operación de refinanciación así como sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que coas ofertas presentadas e tras a recepción do informe de Secretaria-Intervención, cubrese parcialmente o préstamo por canto do capital pendente a 31-12-14: 2.623.476,80 €, as entidades presentan oferta nas seguintes contías:

BBVA:	900.000,00 €
BANCO PASTOR	500.000,00 €
ABANCA	500.000,00 €


Á vista das ofertas presentadas, trala recepción do informe de Secretaria-Intervención de 19-12-2014, de conformidade co artigo 52.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, propoño a adopción do seguinte acordo:

**ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Concertar unha nova operación para refinar a operación suscrita con cargo o mecanismo de financiación do Fondo de pago a provedores.

**SEGUNDO.-** Declarar a vixencia do Plan de Axuste aprobado na sesión plenaria do día 28 de marzo de 2012, valorado favorablemente pola Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local do Ministerio de Facenda e administracións Públicas con data 30 de abril de 2012.

**TERCEIRO.-** O incumprirse o requisito relativo a estar comprendido os límites de endebedamento (DF trixésima primeira Lei 17/2012 e o fixado polo art. 53 do R.D.L.: 2/2004 e o Real Decreto 8/2014 de 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes



para o crecemento, a competitividade e a eficiencia así como a Lei 18/2014 de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia faise necesaria a aprobación dun Plan de redución de debeda, para o período 2015-2019, e a tal efecto á vista do desenrolo e execución do Plan de Axuste aprobado plenariamente e informado favorablemente pola Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local do MHAP con data 30 de abril de 2012, prevendose que o finalizar o exercicio 2015 dito limite de endebedamento estará por debaixo do 75% estimase necesario a aprobación de dito Plan de redución de debeda o estar subsumido no Plan de Axuste, declarado vixente no apartado anterior.

**CUARTO.-** Adxudicar a concertación da operación de refinanciación nas seguintes condicións ás seguintes entidades financeiras:

**BBVA**

IMPORTE	900.000,00 €
PRAZO AMORTIZACION	31-05-2022
TIPO DE INTERES	EUR 90 + 1,70 %
PERIODICIDADE	TRIMESTRAL


**BANCO PASTOR.**

IMPORTE	500.000,00 €
PRAZO AMORTIZACION	31-05-2022
TIPO DE INTERES	EUR 3 MES + 2,50 %
PERIODICIDADE	TRIMESTRAL

**A BANCA:**

IMPORTE	500.000,00 €
PRAZO AMORTIZACION	31-05-2022
TIPO DE INTERES	EUR 3 MES + 2,50 %
PERIODICIDADE	TRIMESTRAL

**QUINTO.-** Notificar a adxudicación as Entidades financeiras que presentaron ofertas.



**SEXTO.-** Notificar as entidades BBVA- BP- ABANCA, adxudicatarios de dita operación de refinanciación o presente acordo e indicarle que ata a recepción da autorización do Ministerio, non se poderá entender adxudicada definitivamente a nova operación.

**SETIMO.-** Solicitar ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a refinanciación da operación formalizada con cargo ó Fondo.

Sometido o asunto a votación:

O Concello Pleno por sete votos a favor do P.S.deG-PSOE (6) e NAL (1), duas abstencións do BNG e catro en contra do P.P., o que supón a maioría absoluta legal dos membros da Corporación, acorda prestarlle a súa aprobación a proposta antes transcrita.

**Punto núm. 6.- RESOLUCIÓN ALEGACIONES E APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COLECTORES E BOMBEO DAS AUGAS RESIDUAIS Á REDE DE SANEAMENTO MUNICIPAL EN ALTA DA ZONA NORTE DA RÍA DE ARES E SUR DA RÍA DE FERROL.**

Dase conta da Alegación Presentada por D. Emilio Mesias Farias, na súa calidade de voceiro do Grupo Municipal do BNG de Ares, de data 2 de decembro de 2014, con número de Rexistro de Entrada 4904.

Dase conta do Informe do Sr. Secretario –Interventor de data 15 de decembro de 2014 que seguidamene se transcribe:


**INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN**

**ASUNTO: RECLAMACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRSTACIÓN DO SERVICIO DE COLECTORES E ESTACIONES DE BOMBEO DAS AUGAS RESIDUAIS VERTIDAS Á REDE DE SANEAMENTO MUNICIPAL EN ALTA DA ZONA NORTE DA RÍA DE ARES E SUR DA RÍA DE FERROL**

**INFORME:**

**Primeiro.-** O artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais prevé:

*"1. Los acuerdos provisionales adoptados por las corporaciones locales para el establecimiento, supresión y ordenación de tributos y para la fijación de los elementos necesarios en orden a la determinación de las respectivas cuotas tributarias, así como las aprobaciones y modificaciones de las correspondientes ordenanzas fiscales, se expondrán en el*



*tablón de anuncios de la Entidad durante treinta días, como mínimo, dentro de los cuales los interesados podrán examinar el expediente y presentar las reclamaciones que estimen oportunas.*

*2. Las entidades locales publicarán, en todo caso, los anuncios de exposición en el boletín oficial de la provincia, o, en su caso, en el de la comunidad autónoma uniprovincial. Las diputaciones provinciales, los órganos de gobierno de las entidades supramunicipales y los ayuntamientos de población superior a 10.000 habitantes deberán publicarlos, además, en un diario de los de mayor difusión de la provincia, o de la comunidad autónoma uniprovincial.*

*3. Finalizado el período de exposición pública, las corporaciones locales adoptarán los acuerdos definitivos que procedan, resolviendo las reclamaciones que se hubieran presentado y aprobando la redacción definitiva de la ordenanza, su derogación o las modificaciones a que se refiera el acuerdo provisional. En el caso de que no se hubieran presentado reclamaciones, se entenderá definitivamente adoptado el acuerdo, hasta entonces provisional, sin necesidad de acuerdo plenario.*

*4. En todo caso, los acuerdos definitivos a que se refiere el apartado anterior, incluyendo los provisionales elevados automáticamente a tal categoría, y el texto íntegro de las ordenanzas o de sus modificaciones, habrán de ser publicados en el boletín oficial de la provincia o, en su caso, de la comunidad autónoma uniprovincial, sin que entren en vigor hasta que se haya llevado a cabo dicha publicación.*

*5. Las diputaciones provinciales, consejos, cabildos insulares y, en todo caso, las demás entidades locales cuando su población sea superior a 20.000 habitantes, editarán el texto íntegro de las ordenanzas fiscales reguladoras de sus tributos dentro del primer cuatrimestre del ejercicio económico correspondiente.*

*En todo caso, las entidades locales habrán de expedir copias de las ordenanzas fiscales publicadas a quienes las demanden".*

*E o artigo seguinte dispon que \*A los efectos de lo dispuesto en el apartado 1 del artículo anterior, tendrán la consideración de interesados:*

- a) Los que tuvieran un interés directo o resulten afectados por tales acuerdos.*
- b) Los colegios oficiales, cámaras oficiales, asociaciones y demás entidades legalmente constituidas para velar por los intereses profesionales, económicos o vecinales, cuando actúen en defensa de los que les son propios".*


*Por tanto, a reclamación formulada cumple os anteriores requisitos formáis ao ser publicado o Anuncio no BOP núm. 211, do 4 de novembro de 2014, acreditada a lexitimación activa pola cobertura non soamente polo artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, senon pola xeral derivada de membro electo da Corporación.*

## **Segundo.- Fundamentos:**

*A primeira alegación versa sobre o procedemento. Efetivamente a proposta non foi dictaminada pola Comisión Informativa de Facenda, nembargantes o artigo 82.2, e 3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro establece :*

*2. En el orden del día sólo pueden incluirse los asuntos que hayan sido previamente dictaminados, informados o sometidos a consulta de la Comisión Informativa que corresponda.*

*3. El Alcalde o Presidente, por razones de urgencia debidamente motivada, podrá incluir en el orden del día, a iniciativa propia o propuesta de alguno de los portavoces, asuntos que no hayan sido*



*previamente informados por la respectiva Comisión Informativa, pero en este supuesto no podrá adoptarse acuerdo alguno sobre estos asuntos sin que el Pleno ratifique su inclusión en el orden del día.*

Habendo sido ratificada a súa inclusión na orde do día, non se aprecia causa de anulabilidade e moito menos nulidade por canto a justificación ven motivada pola necesidade da entrada en vigor da ordenanza o primeiro de xaneiro do 2015, so pena de causar un grave perxuízo á facenda local, inclusive con alteración da estabilidade orzamentaria; elo sen contar co déficit que vai producir este exercicio no que xa entrou en funcionamento a EDAR.

Cumpre significar que das reunións mantidas polos catro Concellos afectados, a afectos dunha regulación unitaria acordouse aprobar a mesma ordenanza a efectos de evitar agravios entre os usuarios dos catro Concellos afectados polo funcionamento da EDAR.

A segunda, terceira .cuarta, sexta e sétima versan sobre a posibilidade de unha dobre imposición. A estes efectos cabe exponer que:


*O feito imponible da ordenanza fiscal reguladora da taxa da rede de sumidoiros é "a prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede de sumidoiros municipal, e o seu tratamento para depúrales" e*

*O feito imponible da ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de colectores e bombeo das augas residuais vertidas á rede de saneamento municipal en alta da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol é "a prestación dos servizos municipais de colectores e estacións de bombeo das augas residuais vertidas á rede de saneamento municipal en alta da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol"*

Polo tanto, diferencianse dous servizos: o saneamento en alta (conxunto de bens de dominio público constituído pola estación depuradora de augas residuais, as estacións de bombeo, os emisarios submarinos e os colectores en alta asociados. Os colectores en alta son aquelas instalacións ás que se conectan as redes de alcantarillado colectivas tradicionais) y o saneamento en baixa (conxunto de bens de dominio público constituído pola rede de alcantarillado municipal), e polo tanto, dous feitos imponibles diferentes.

A quinta, oitava e novena versan sobre a cuota tributaria, que se regula no artigo 24 do Real Decreto Legislativo 2/2004 que dispon que "1. El importe de las tasas previstas por la utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público local se Jijará de acuerdo con las siguientes reglas:

- a) Con carácter general, tomando como referencia el valor que tendría en el mercado la utilidad derivada de dicha utilización o aprovechamiento, si los bienes afectados no fuesen de dominio público. A tal fin, las ordenanzas fiscales podrán señalar en cada caso, atendiendo a la naturaleza específica de la utilización privativa o del aprovechamiento especial de que se trate, los criterios y parámetros que permitan definir el valor de mercado de la utilidad derivada.*
- b) Cuando se utilicen procedimientos de licitación pública, el importe de la tasa vendrá determinado por el valor económico de la proposición sobre la que recaiga la concesión, autorización o adjudicación.*
- c) Cuando se trate de tasas por utilización privativa o aprovechamientos especiales constituidos en el suelo, subsuelo o vuelo de las vías públicas municipales, a favor de empresas explotadoras de servicios de suministros que resulten de interés general o afecten a la generalidad o a una parte importante del vecindario, el importe de aquéllas consistirá, en todo caso y sin excepción alguna, en el 1,5 por ciento de los*



*ingresos brutos procedentes de la facturación que obtengan anualmente en cada término municipal las referidas empresas.*

*2. En general, y con arreglo a lo previsto en el párrafo siguiente, el importe de las tasas por la prestación de un servicio o por la realización de una actividad no podrá exceder, en su conjunto, del coste real o previsible del servicio o actividad de que se trate o, en su defecto, del valor de la prestación recibida.*

*Para la determinación de dicho importe se tomarán en consideración los costes directos e indirectos, inclusive los de carácter financiero, amortización del inmovilizado y, en su caso, los necesarios para garantizar el mantenimiento y un desarrollo razonable del servicio o actividad por cuya prestación o realización se exige la tasa, todo ello con independencia del presupuesto u organismo que lo satisfaga. El mantenimiento y desarrollo razonable del servicio o actividad de que se trate se calculará con arreglo al presupuesto y proyecto aprobados por el órgano competente.*

Pois ben, tal e como consta no estudio técnico-económico os ingresos estimados non superan en principio os custos estimados, por canto a día de hoxe non é posible calcular con exactitude o gasto eléctrico, que vai superior ao previsto e sen contar con posibles alteracións de asunción de costes de bombeos como o das Cagallas, pendente de negociación con Augas de Galicia cando había un acordó verbal e tácito de asunción indefinido do mesmo ao igual que o de Os Galgos.

E por último, a décima e undécima versan sobre a xestión e bonificacións, criterios discretionais do Concello, dentro das opcións legais, entre as que se atopan as elexidas.

3. O órgano competente para adoptar o acordó é o Pleno. De conformidade coa Lei 7/1985, en redacción dada pola Lei 57/2003, o acordó terá que votarse favorablemente por maioría simple dos concelleiros da Corporación.

Tal é a miña opinión que someto a outra mellor fundada en Dereito, salo erro ou omisión non intencionados, en Ares a 15 de decembro de 2014."

Acto seguinte dase conta da Proposta da Alcaldía de data 15 de decembro de 2014, do seguinte teor literal:

#### **PROPOSTA DA ALCALDÍA:**

Considerando que mediante acordo plenario de 30 de Outubro de 2014, aprobouse inicialmente a ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de colectores e bombeo das augas residuais verquidas á rede de saneamento municipal en alta da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol.

Considerando que o devandito acordo inicial se someteu a exposición pública polo prazo de 30 días, durante os cales os interesados puideron examinalo e presentar reclamacións (BOP núm. 211, do 4-11-2014).





Considerando o informe de Secretaría-intervención con data 15 de Decembro de 2014.

#### **PROPOÑO.-**

**PRIMEIRO.-** Desestimar as alegacións presentadas por D. Emilio Mesias Farias, como voceiro do Grupo Municipal do BNG de Ares, en relación co expediente de aprobación da ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de colectores e bombeo das augas residuais vertidas á rede de saneamento municipal en alta da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol.

**SEGUNDO.-** Aprobar definitivamente o expediente de ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de colectores e bombeo das augas residuais vertidas á rede de saneamento municipal en alta da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol e publicar o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia."

Sometido a anterior proposta a votación o Pleno do Concello por 7 votos a favor ( 6 PSdeG-PSOE e 1 NAL), e 6 votos en contra (4 PP e 2 BNG) acorda prestarlle a súa aprobación.

#### **CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.**

##### **PUNTO núm. 7.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN ADOPTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA SESIÓN ANTERIOR.**

De conformidade e co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía Presidencia proceder a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos, de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.


O Concello Pleno dase por enterado.

##### **PUNTO NÚM. 8.- MOCIÓN E PROPOSTAS.**

Non hai.

Acto seguinte e previo ó paso o seguinte punto de Rogos e Preguntas, pola Alcaldía Presidencia preguntase os voceiros se teñen algunha Moción para someter ó Concello Pleno pola Vía de Urgencia, non presentándose ningunha.

##### **PUNTO NÚM. 9.- ROGOS E PREGUNTAS.**



Aberto o turno de rogos e preguntas, toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Mesias Farías, quen manifesta que ven para dar conta a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de reintegro o tesouro publico, quero dicir que nos no que foi esto no ano 2012 temos solicitado documentación sobre a petición que fixera o Ministerio a colo deste tema e esa documentación non se nos fora entregada, agora temos esta Sentenza e queremos facer unha serie de preguntas:

Primeiro, aquí na Sentenza fala do praza do haber incumprido o prazo conforme o artigo 62.2 da Lei 58/2003 o desglose desa cantidade e o indicado no anexo desta resolución, nos queremos preguntar se este anexo se dispón, se ve una Sentenza porque no expediente non esta, nos non o vimos, esa é unha pregunta que lle facemos o Secretario, se iba incorporado no expediente este anexo.

Noutro punto de vista, nos non sabemos se esto ten algún tipo de alegación, o que se nos dixo na Xunta de voceiros é que o Concello ía tirar para adiante para non pagar esto, pero o que entendemos é que unha vez máis o que se está facendo é alargar os prazos, non sabemos se via a sair ben, o que saíu mal foi organizativamente posto que o Concello xa recoñeceu que houbo un incumprimento desa subvención. Nos queremos preguntar o que se vai facer e se o Concello ten idea da repercusión deste, e canto se leva gastado por agora neste procedemento.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Popular Sr. Sixto Galiano, quero facer un rogo, na ultima Xunta de Voceiros se acorda convocar unha Comisión de Facenda, e non se chamou nin notificou en tempo e forma os Concelleiros, o procedemento é que eu como voceiro do grupo non teño que chamar a ninguén.


Sr. Alcalde, foi un tema urxente e ti o sabes, o BNG chamou o seu concelleiro e non puido vir, e ti pudeches chamar os teus.

Sr. Sixto Galiano, Alcalde eu non teño que chamar.

Sr. Sixto Galiano, a primeira pregunta é porque non se entregan as resolucións de gasto desde o mes de setembro,

A segunda pregunta é sobre o Plan Xeral, porque non se respostaron a ningunha das alegacións, cando é obrigatorio según establece a Lei de Bases.

Teño entendido que se sigue reunindo a Coordinación de PXOM unha vez á semana, que explicación ten se esta o Plan parado., quixera tamen ter coñecemento das Actas das reunións que se celebraron dende que empezou esta Comisión, e de



feito como a respostas sei que non vai a ser válida temos intención desde o Partido Popular de solicitar un Pleno Extraordinario, en relación o Plan Urbanístico.

Outra pregunta é en relación a unhas axudas de Emerxencia Social, que antes viñan nominativas e agora veñen coas iniciais, non sei se é legal eso, pregunto.

Sr. Alcalde é legal, claro que e legal, o tema de protección datos cambia, nas Comisións nas que so estamos presentes nosoutros, hai pedís os datos e se te dan.


Sr. Sixto Galiano, estiven mirando a RPT, e hai varios contratos, o que é de Auxiliar de Servizos Sociais, Auxiliar de Ludoteca, queremos preguntar que tipo de contratos son estes, que son anuais, bianuais, hai unha resolución a 422/14 na que un Auxiliar pide o recoñecemento dun trienio, entón que é persoal fixo. Os trienios se pagan cando eres fixo. Que tipo de contrato teñen estes auxiliares.

Sr. Alcalde non ten nada que ver coa RPT eso, unha cousa é os contratos que teñen e outra como quedan na RPT.

En relación coa Casa do Patin, o executar a subvención a empresa tiña obrigañón de contratar a tres traballadores, din que a empresa adjudicataria so contratou a dous, entón en lugar de aplicar o principio de proporcionalidade que é fundamental na Administración, rebaixamos a subvención na parte proporcional, que é o que procedería en Dereito, en primeira instancia non é así e en consecuencia vamos a recurrila efectivamente, vamos a presentar recurso e esixir que se aplique o principio de proporcionalidade, porque a obrigañón non nos correspondía a nosoutros senón o adjudicatario, e en todo caso dos tres contratou a dous, en consecuencia pedimos que se revoque esta Sentenza, que se pronuncia en primeira instancia e polo tanto non é firme.

As resolución que faltan lóxicamente teñen que vir, sempre veñen con tres ou catro meses de retraso, e nese sentido sempre viñeron nunca se ocultou ningunha resolución de gasto.

En canto o Plan Xeral, esta sometido a 16 informes sectoriais, dificilmente podemos respostas as alegacións sen os informes sectoriais. En consecuencia de 16 informes sectoriais temos 9 entón faltan 7 informes, mentres non cheguen estes sete informes non podemos responder as alegacións. A Comisión redactaro do Plan se segue reunindo porque sigue facendo seus traballos dos dezaseis informes xa viñeron nove, están estudando estes informes e seguindo cos traballos que esixe o novo Planeamento.



Sr. Sixto Galiano, as actas se poden ver.

Sr. Alcalde non sei se hai actas.

Interven o SR. Luis Cendán, con relación os tres meses que hai para contestar, según me informaron a min, e hai un asesor xuridico aquí, non é verdade, hai xurisprudencia de que en canto non cheguen os informes non hai porque respostar. O tema das actas non sei se están completas, pero as que teña que as facilite, pero que a petición veña por ti non hai problema, pero o problema serio e que a petición veña dunha persona condenada, que veña a pedir as actas, eso me parece gravísimo. Hai unha persoa inhabilitada que anda polos despachos deste Concello esixindo documentación.

Sr. Sixto Galiano, eso ti como Coordinador do Plan Urbanístico tes que denunciolo.

Sr. Luis Cendán, xa o estou dicindo aquí, en canto as actas eu non sei si Javi as ten o día, cando estén o día que as facilite, pola miña parte non hai problema.


Toma a palabra a Sra. Barrón Ferro, para dar resposta a preguntada RPT, manifestando que estamos en mesa de negociación, non se pasará os grupos ata que este negociada cos Sindicatos que é o que estamos a facer agora, tivemos tres meses, e non sei como a tes ti porque non a pasamos todavía os grupos, e no momento que se termine a negociación se fará o trámite correspondente, audiencia os interesados. En relación cos contratos que pregunta, teñen o mesmo que o resto de Auxiliares Administrativos.

Sr. Sixto Galiano, se un contrato se fai por un ano ou dous anos haberá que prorrogalos.

Sra. Barron Ferro, ten o contrato que xa tiña, non o sei exactamente, temos que miralo, non hai modificación algunha.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as dez horas e cincuenta e dous minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,



O SECRETARIO,

